



## Todo disposto para a traca festiva da Patroa



A vila de Cedeira leva xa moitas festas, concertos e actividades no que vai de verán e asómase con moitos folgos á que sen dúbida é a traca central da campaña estival: as Festas da Patroa, que comezarán oficialmente coa lectura do pregón o vindeiro luns, día 11. Os arredor de 600 quilos de percebes degustados

na primeira fin de semana de agosto no evento organizado pola Confraría de Pescadores foron un fito máis nesta tempada na que a vila bule cunha intensa actividade para todos os públicos. E máis aló da Xira do día 17, a festa continúa con Jazz de Ría, certame de pintura rápida e outras propostas que se irán anunciando.

Páx. 2 e 3

## Cedeira porá en marcha este ano a nova recollida do lixo

O Concello de Cedeira ten en proceso de licitación o novo sistema de recollida do lixo e de limpeza viaria, un dos servizos máis importantes de cantos presta a administración municipal. A previsión é que dentro deste ano estea xa contratado e que con el entren en funcionamento a recollida separada dos biorresíduos (contedor marrón) e o camión de carga lateral,

así como novas frecuencias e outras novidades. O concurso convocado pola administración municipal -cuxos pregos foron aprobados por unanimidade dos grupos políticos no pleno da corporación- ten un orzamento de 8,7 millóns de euros para un período de dez anos non prorrogables e suporá unha sensible mellora no servizo.

Páx. 6

## sumario



» O Concello promove un verán máis rutas sendeiristas e paseos guiados da man de empresas locais

Páx. 4

» O pleno aprobou o novo orzamento municipal e a suma dos remanentes do ano anterior

Páx. 5

» En proceso de contratación o arranxo de catro camiños da zona rural

Páx. 6



» As obras sacan á luz restos dunha das antigas fábricas de salgadura na praia da Madalena

Páx. 7

» O goberno local proxecta a construción dun Centro de Adestramento Deportivo Especializado

Páx. 7

# Cedeira asómase xa ao cerne do seu verán: as Festas da Patroa

.....

**E**n Cedeira, todo o verán é festa e o seu miolo son os sete días da Patroa, a Virxe do Mar. A localidade chega a estas datas despois de moitos eventos importantes, entre eles a Festa do Percebe que tivo lugar na primeira fin de semana de agosto. Despois da baixada da xira a San Antón, que para moita xente marca o remate da tempada, todavía quedarán moitas actividades. Recollemos as que están anunciadas na data de publicación deste boletín, pero recomendamos ficar atentos e atentas á canle de Whatsapp “Cedeira Informa” e ás redes sociais do Concello -agora tamén en Instagram!- para non perder nada.

11/08/2025

**Pregón de Protección Civil e Entroido de Verán**

O protagonismo do pregón recae cada ano nunha entidade do rico tecido asociativo da localidade. Desta volta será a agrupación de voluntarios de Protección Civil, que cumpre 25 anos, a encargada de pronuncialo o luns 11, ás 20.00h, na praza do Concello. No acto tocará a agrupación Buxainas. A xornada, como xa é tradición, rematará co Entroido de Verán. A cita é na praza de Floreal a partir das 22.30h.

12/08/2025

**Espectáculo familiar “Mute” e verbena con Claxxon**



A praza de Floreal acollerá ás 20.00h a función de circo-teatro “Mute”, de Orain Bi. A praza Roxa estreará as verbenas destas festas, a partir das 22.30, co grupo Claxxon.



## Collemos folgos co mellor percebe

.....

A Confraría de Pescadores celebrou unha nova edición da Festa do Percebe, a vixésimo segunda, cun grande éxito de afluencia. Tal e como confirman no pósito, a realidade é que cada ano o evento vai a máis, en xente e volume de vendas. O sábado 2 e o domingo 3, baixo as carpas do peirao, despacháronse e degustáronse case a totalidade dos 600 kilos de percebe -a 20 euros a ración- e outros tantos de polbo preparado á feira, así como empanadas de liscos e berberecho. Foi unha fin de semana intensa, con hinchables na praia de Area Longa, co festival Discalzos, función dos Bolechas e outras actividades...

13/08/2025

**Xogos Populares, función de circo e noite con orquestra**

O mércores será o día dos Xogos Populares, unha tradición que concita cada verán a participación de moitas cuadrillas de mozos e mozas que compiten, con grande afluencia de público, en probas clásicas como a cucaña, o tiro de corda ou a regata de chalanas... Será no paseo da Mariña, a partir das 18.00h. O dúo arxentino Laos ofrecerá o seu espectáculo “Outros aires”, con música de tango e moito humor, ás 20.00h na praza de Floreal. De novo haberá verbena pola noite, desta volta na Revolta, con Olympus e o cedeirés Brunokavi DJ.

13/08/2025

**Acrobacias do dúo Laos**

A praza de Floreal acollerá ás 20.00h o espectáculo “Píllalo” da veterana compañía de circo PistaCatro. Ás 22.30h, na praza Roxa, verbena coas orquestras Origen e Miramar.

15/08/2025

**Día da Patroa: fogos de artificio e moito máis**

O Día da Patroa comezará coa misa cantada pola coral Eixil, ás 12.00h, e continuará co tamén tradicional concerto da Banda de Música Vila de Cedeira, ás 13.30h na praza Roxa. Ás 19.00 comezará no campo recén



nomeado Carmen Maseda o partido amistoso do Cedeira Sd e o CD Cariño, que estará adicado á que foi madriña do equipo cedeirés. Pola noite, de novo unha cita coa música e o baile. Ás 22.30h comeza unha verbena na que actuarán a orquestra Fania Blanco Show e o grupo latino Los Coleguitas. A xornada rematará co lanzamento dos fogos de artifício, ás doce da noite.

16/08/2025

Concerto de Xurxo Fernandes,  
Budiño e Los Eternos



O sábado 16 terá lugar a procesión marítima, que sairá despois da misa das 11.00h e a procesión que levará á Virxe do Mar ata o peirao para embarcar. No desfile participará a Banda de Música Vila de Cedeira. Ás 21:00 subirán ao escenario da praza Roxa Xurxo Fernandes, Budiño e Los Eternos nun gran concerto

dedicado á música feita en Galicia desde diferentes estilos. Fernandes presentará o seu disco "Levaino", no que fusiona a tradición galega coa música xudía urbana; o gaiteiro de Moaña regalaranos, entre outras, as pezas de "Branca vela", o seu último traballo, e a banda cedeiresa de country-rock-folk interpretará temas do seu último disco "San Antonio", título homenaxe a un espazo emblemático da súa localidade, que veñen de lanzar cunha grande acollida.

17/08/2024

Xira en San Antón

A Xira en San Antón de Corveiro é unha romaría que cada ano marca a fin das festas, unha cita con moito raigame na que se xuntan as xentes de Cedeira, veraneantes e visitantes asiduos para compartir unha xornada sempre chea de ledicia e diversión. A romaría remata co que para moitos é o momento máis emotivo destas celebracións patronais: a baixada no solpor, cando todos e todas xuntas cantan acompañadas do son das gaitas ao paso por lugares emblemáticos como o barrio mariñeiro de Crónicas. Xa a partir das 22.30h celebrárase na praza Roxa a última verbena do cartel, amenizada pola orquestra New York.

18/08/2025

O Jazz de Ría volve a Cedeira



Felizmente chegará o festival Jazz de Ría para aledar o luns 18. O parque dos Patos, ás 19.00h, será o escenario do concerto do Coro da Ra, e o de San Isidro, ás 21.30h, recibirá a última proposta de Xan Campos, "Amorodios", na que o prestixioso músico de Cangas abre unha nova vía sonora da man da cantante Faia Díaz, o batería Iago Fernández e o guitarrista e baxista Virxilio Da Silva.

24/08/2025

Certame de pintura rápida

Todavía quedarán por diante outras citas culturais e festivas... o domingo 24 será a xornada do Certame de Pintura Rápida Concello de Cedeira, no que artistas chegados de diferentes lugares plasmarán a beleza de diferentes rincones da localidade.

## Correndo, en bici ou saltando nun saco, Cedeira bule!

As actividades que organiza o Concello de Cedeira, sumadas ás moitas que promove o rico tecido asociativo da localidade, no eido cultural e deportivo, fan do verán un non parar. Nos días anteriores á lectura do pregón das Festas da Patroa a praza Roxa foi un fervedoiro de cativada coa Semana Infantil, onde nenos e nenas correron, saltaron en sacos, xogaron ás cadeiras... No mesmo lugar tomará a saída o domingo 10 o Día da Bicicleta, e vai arrancar tamén a Carreira Popular, na que sempre reina o bo humor.

Cedeira bule tamén un verán máis co deporte. A praza de Floreal acolleu unha nova edición do Torneo de baloncesto 3x3 que contou con máis de medio cento de equipos, e o día 10, na véspera do pregón, vai ter lugar a Travesía a Nado. Son so dous dos eventos promovidos polos clubs deportivos da localidade que traen deportistas de fóra e contribúen, todos eles, a animar e encher de xente os meses de verán en Cedeira.



# Rutas e paseos guiados, o mellor para coñecer e gozar de Cedeira

O Concello promove un verán máis, da man de empresas locais, visitas e rutas guiadas que son a mellor opción para coñecer e gozar de Cedeira. Cada semana hai un paseo guiado pola vila con Sergio Muíño, responsable do seu proxecto Destino Cedeira, así como unha visita ao núcleo de San André de Teixido, no que o Concello tamén promove a apertura dun punto de información turística. Están a desenvolverse, igualmente, rutas de sendeirismo por sete itinerarios diferentes, para descubrir as espectaculares paisaxes deste territorio.

Para non perder os paseos guiados con Sergio Muíño cómpre visitar os perfís en Instagram e Facebook de *Destino.Cedeira*. Son ao solpor en xeral, pero poden variar de día e hora en función do tempo. Tamén van cambiando os temas: a pegada musical de Cedeira, as tradicións mariñeiras, o castro de Sarridal, as obras de *street art* da localidade... A inscrición é totalmente gratuíta.

Por outra banda, o Concello tamén colabora coa empresa local Portal Norte no desenvolvemento do programa “DeRuta” con saídas de sendeirismo guiadas e gratuítas.



Desta volta programáronse 34 saídas ata o 15 de setembro por sete itinerarios diferentes, nun calendario que pode consultarse nas redes e na web do Concello. A maioría son de mañá, pero tamén hai algunhas camiñadas ao solpor ou pola noite.

Pode consultarse toda a información sobre este programa na Oficina de Turismo, situada no Palacete Municipal, que durante este mes de agosto abre de luns a venres, de 09.30 a 13.30 e de 17.00 a 19.00 e os sábados de 09.30 a 13.00h.

## Atención turística no núcleo de Santo André de Teixido

O Concello promove as visitas e a atención turística no núcleo de San André de Teixido. A referencia neste caso é a web e as redes sociais do proxecto “*Eu fun de vivo*” de Sergio Muíño. Ata o 15 de setembro abre todos os días a caseta de información situada á entrada de Santo André -aproximadamente entre as 11.30 e as 16.00h- e cada xornada, cara ás 12 do mediodía, hai unha visita guiada ao prezo bonificado de 2€.

Como curiosidade, a Princesa Leonor elixiu este enclave para facer unha visita privada durante a súa estancia en Ferrol pola escala do buque Sebastián de Elcano. E os sanandresiños inspiraron este ano o cartaz do festival Atlántica, un singular evento de narración oral que se desenvolver por toda Galicia e que leva xa 13 edicións ás costas. A comezos de xullo celebrouse en Teixido unha das citas deste festival

## Cedeira, coa promoción do turismo náutico

O alcalde de Cedeira, Pablo Diego Moreda Gil, asinou o 16 de xullo en Xixón o protocolo de colaboración das 17 localidades polas que pasa o “Camiño de Santiago a Vela”, iniciativa que leva 10 edicións e que reuniu este ano a 150 peregrinos e 25 barcos. Cedeira e Ferrol son os portos da zona nos que fixo parada a expedición, que saíu o 6 de xuño de La Rochelle e chegou a Compostela o 1 de xullo, con escala en Cedeira o 21.





# Aprobado o orzamento 2025 e a suma dos remanentes

.....

O pleno de Cedeira aprobou a finais de maio os orzamentos de 2025 e unha modificación de créditos para a incorporación de remanentes do pasado exercicio -un total de 110.000€- cos que se financiará a parte municipal da obra de ampliación da piscina. O goberno local xestiona este ano 6.877.337,97€, unha cantidade que é case un 7% superior á das contas de 2024.

Un total de 461.538,15€ van adicados a investimentos. Entre outros proxectos, afrontaranse os de mellora dos dous parques infantís da zona da Revolta -que suman un investimento de máis de 256.000€-; así como o arranxo de once camiños -por 135.688€. Tamén está consignada a rehabilitación do Palacete, por preto de 150.000€; o arranxo de 3,8km de camiños rurais con cargo ao programa da Agader - máis de 83.000€-, e a reserva de 20.000€ para os Orzamentos Participativos, un ano máis. A ampliación da piscina, para dotala dun vaso de 25 metros de largo que mellore os 16 actuais, acometerase a través dun convenio coa Deputación. O custo da actuación é de preto de 550.000€, dos que a administración provincial financiará uns 300.000€. O capítulo de atención social primaria ascende a 1.260.017,65€ e o do fomento do emprego chega a 90.526,34€.

## Plan de subvencións

En canto ás subvencións, neste 2025 sumarán un total de 317.950€ e na súa distribución destacan pola súa contía os capítulos de promoción cultural e deportes, seguidos dos servizos sociais.

O eido dos servizos sociais no plan de subvencións abrangue 20.000€ para o programa de emerxencia social, así como 10.000€ para Apader e 6.000€ para Sobre Rodas. O de seguridade e protección civil contempla os convenios nominativos coa agrupación de voluntarios de Protección Civil, que incrementa a súa contía ata os 20.500€, e

coa agrupación local da Cruz Vermella, dotado con 3.800€. En materia de salubridade pública, o Concello mantén o convenio coa Asociación de Benestar Animal ABAC, cuxo importe ascende a 12.000€.

Outros 35.000€ van ao capítulo de educación. Aquí están os convenios coas asociacións de nais e pais Picapeixe e O Beco. A primeira destas entidades recibe 10.000€ e aumenta a aportación da segunda ata os 25.000€, por mor da organización, en colaboración co Concello, dun curso de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes.

As subvencións para as entidades ou iniciativas culturais suman 147.000€, mentres que as destinadas aos clubs deportivos ascenden a 60.000€. Cómpre recordar que a cantidade que o Concello reserva para as dúas convocatorias de axudas que fai anualmente en cada un destes apartados incrementouse en máis dun 60% a partir de 2023. En canto ás entidades culturais, a través de convenios nominativos o Concello aporta 3.500€ á asociación A Crina; 20.000€ á asociación Mares; 5.500€ aos Amigos dos Ríos, e 11.000€ á Banda de Música Vila de Cedeira. Por concorrência competitiva se distribúen outros 60.000€, e a Escola de Música Vila de Cedeira recibe, tamén a través dun concurso público, 46.000€. A dotación de 1.800€ para os premios do certame de Pintura Rápida completan este apartado.

Ás festas -a través dunha convocatoria de concorrência competitiva dotada con 4.000€ e da reserva de 5.590€ para os premios do desfile de Entroido-, adícalles o Concello un total de 9.590€. O plan de subvencións para 2025 recolle tamén os 60.000€ para a convocatoria de axudas destinada aos clubs deportivos, que se resolve cada ano polo sistema da concorrência competitiva, segundo criterios obxectivos. As subvencións para os grupos políticos municipais con representación no pleno da corporación, que suman 11.400€, completan o programa orzamentario.

## Aberto o prazo das axudas para asociacións

.....

O Concello vai abrir estes días o prazo de solicitude das axudas para asociacións socioculturais e deportivas. Son dous convocatorias diferentes, dotada cada unha delas con 60.000€, que se resolven por concorrência competitiva en función dunha serie de criterios específicos.

As bases das dúas convocatorias, ao igual que as das axudas para comisións de festas, saíron publicadas no BOP do pasado día 4 de agosto. En breve sairá publicado no mesmo boletín o extracto das mesmas e se colgarán tamén na Base de Datos Nacional de Subvencións, e abrirase a partir desa data un prazo de quince días hábiles para a presentación das solicitudes.

## Renuncia do concelleiro Xosé Antón Arribe

.....

O concelleiro do BNG Xosé Antón Arribe Rodríguez, primeiro tenente de alcalde e responsable de Cultura, Patrimonio e Deportes, presentou diante do pleno da corporación do mes de xullo a súa renuncia por motivos particulares. En nome de todo o equipo de goberno, o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, agradeceu a Xosé Antón Arribe o seu traballo a prol de Cedeira, así como o seu espírito de colaboración e afán construtivo dentro da coalición que forman PSOE e BNG. Ambas formacións -coa persoa que na seguinte sesión plenaria entre, por parte do BNG- garanten a estabilidade da coalición e o seu compromiso de seguir traballando, coa mesma dinámica, para mellorar a calidade de vida da poboación de Cedeira e o seu desenvolvemento sostible.

## O Concello licita o novo servizo de recollida do lixo

O Concello de Cedeira tendrá resolto antes de que remate o ano o novo contrato de recollida de residuos sólidos urbanos e da limpeza viaria, que está en proceso de licitación cun orzamento de 8,7 millóns de euros para un período de dez anos non prorrogables. O prego de condicións foi aprobado por unanimidade no pleno de maio.

A nova contratación vai supor a implantación dun sistema mellor e máis eficiente, entre outras cousas con máis frecuencias na retirada do lixo e coa ampliación da recollida separada, así como cunha renovación da maquinaria e os vehículos de limpeza, que incorporarán a recollida lateral.

As novas condicións representan unha sensible mellora na separación dos residuos: haberá diferentes contedores para biorresiduos (os marróns), envases lixeiros, vidro, cartón/papel e a “fracción resto”, que é a que queda dos residuos domésticos despois da recollida selectiva dos anteriores (que habitualmente chamamos orgánica, aínda que esta denominación non é correcta). Aumentarán as frecuencias

de recollida, especialmente no verán, e o actual Punto Limpo Municipal abrirá un día máis (2 horas) cada semana. Ademais, a adxudicataria xestionará o punto limpo móbil, que con frecuencia quincenal itinerará polas parroquias, e dous mini puntos limpos de proximidade. O prego establece tamén 12 xornadas de servizo especial de recollida de lixo, que se activarán segundo as necesidades en festas e eventos.

Para a mellora dos medios materiais, o expediente esixe a renovación dun 20% do parque de contedores de carga traseira e a compra de 355 colectores de carga lateral. O parque móbil incorporará un novo camión compactador para carga lateral, outro de carga traseira, un camión satélite de carga traseira para zonas de difícil acceso, un camión de caixa aberta con guindastre para voluminosos, unha varredora, unha furgoneta e outro material da limpeza viaria. Ademais, os vehículos de recollida irán equipados cun sistema GPS para o seu seguemento en tempo real, co obxectivo de verificar a realización de todas as rutas e poder optimizalas.

### Frecuencias para cada fracción

**Fracción resto:** seis días na zona urbana e dous na rural cada semana, que aumentarán a sete e tres na tempada alta (do 15 de xuño a 15 de setembro).

**Vidro:** quincenal en todo o municipio, pasando a semanal na zona urbana en tempada alta.

**Cartón/papel:** semanal nos contedores, pasando a dous días por semana na zona urbana en tempada alta. Tamén recollida porta a porta para comercios e empresas, dous días por semana.

**Biorresiduo** (contedor marrón): dous días por semana, pasando a tres en tempada alta.

**Plásticos agrícolas:** cinco puntos de acopio, con retirada catro veces ao ano.

**Voluminosos/ residuos de aparellos electrónicos e eléctricos:** incorporárase un camión novo de pequenas dimensións, con guindastre, e establecerase un rexistro de solicitudes para coordinar as rutas de recollida.

## Posta en valor dos restos dunha fábrica de salgadura

As obras de rexeneración da praia da Madalena e os traballos de control arqueolóxico que levan aparelados permitiron o achado duns restos das antigas fábricas de salgadura que existían no areal. Son apenas as cimentacións dunha daquelas naves, pero o Concello ten un proxecto arqueolóxico, redactado por Axa Arqueoloxía, e solicitou xa os permisos pertinentes á Dirección Xeral de Patrimonio para realizar a súa limpeza e consolidación

Ata mediados do século XX existieron no areal da Madalena ata




sete fábricas de salgadura, que entre os anos 1955 e 1960 foron derruídas. Os restos achados agora están preto das casetas situadas ao pé da praza da Revolta. Apareceron, concretamente,

cimentacións de tres dos muros da planta rectangular dunha daquelas fábricas. O plan de actuación consistirá en completar a excavación destes restos, proceder á súa limpeza e consolidación e completar algunhas fiadas para garantir que se vexan e se entenda a situación das antigas estruturas. Nas súas inmediacións colocárase unha mesa informativa cunha reconstrución dixital da fábrica de salgadura, fotografías antigas e datos sobre aquelas industrias e a importancia que tiveron no seu momento para a economía da localidade.

# O goberno local proxecta un Centro de Adestramento Deportivo Especializado

O Concello de Cedeira ten en proxecto a construción dun Centro de Adestramento Deportivo Especializado (CADE) que vai situar nunha zona baleira dentro da mesma parcela catastral do polideportivo e a piscina municipais. O obxectivo é ofrecer espazos con maquinaria específica para o adestramento de diferentes disciplinas e configurar un núcleo de desenvolvemento deportivo para os clubs locais e, máis aló, para o norte de Galicia.

O orzamento ascende a preto de 690.000€ e o goberno municipal vén de presentar o proxecto a unha convocatoria da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, na que se prevén axudas do 50% para infraestruturas locais deste tipo. O alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, confía en que a proposta teña unha valoración positiva dada a súa repercusión para os clubs locais e tamén como referencia e recurso para deportistas da zona noroeste de Galicia. Recordamos os grandes éxitos que están a ter os deportistas de Cedeira, en particular os do Club de Remo e o Club Natación, en competicións autonómicas, nacionais e internacionais, fronte a entidades e deportistas de contornas urbanas e con máis medios. O CADE ocupará un inmoble de planta baixa, primeiro piso



e baixo cuberta. A pé de rúa estarán o vestíbulo e a recepción, unha primeira zona de adestramento e os aseos e vestiarios adaptados, mentres que a primeira planta albergará outra zona de adestramento, vestiarios, sauna e sala de musculación. O baixo cuberta empregárase como almacén. O centro terá preto de 182 metros cadrados de superficie útil na planta baixa; 196 na primeira e 117 no baixo cuberta.

Explica Moreda Gil que o goberno municipal está a tramitar tamén diante de Portos de Galicia a autorización para poder facer na zona portuaria unha nave de 300 metros cadrados. A construción ofrecerá un espazo diáfano no que o Club de Remo poderá gardar as súas embarcacións, coa previsión de que conte no exterior cunha zona cuberta.

O CADE e o futuro almacén de embarcacións de remo, así como a ampliación da piscina que tamén está en proceso (uns 550.000€ de investimento, a través dun convenio coa Deputación), son actuacións que se van sumar ás xa realizadas polo Concello para mellorar as instalacións deportivas do municipio. Entre os investimentos dos últimos anos están o pavimento e marcador do Polideportivo (151.000€, convenio coa Deputación); o céspede artificial do Beco (237.000€); as novas caldeiras da piscina (85.000€) e o sistema de deshumectación (38.300€); a ampliación do ximnasio (máis de 62.000€) e adquisición de novas máquinas (20.000€); o cerramento e outras obras nas pistas de pádel (máis de 110.000€) e a mellora das canastras de Floreal (20.000€).

## Obras de mellora do firme en camiños

Remataron recentemente as obras de mellora dos firmes de catro camiños situados nos lugares de Mundín, As Bieiteiras, Santallamar e Vilacacín, así como das rúas C. Ponthus e Cuartel, que se executaron por un presuposto de 127.653,48€ financiado con cargo ao POS+2023. A actuación supuxo a renovación da calzada en máis

de dous quilómetros de percorrido sumando os camiños de titularidade municipal en zona rural e as dúas rúas da zona urbana.

Por outra banda, o Concello ten en proceso de licitación outras obras en catro camiños da zona rural que suman 3,8 km de percorrido. A intervención ten un orzamento de

partida de 83.310,73€ e financiarase en parte coas axudas da Agader. A actuación afectará aos camiños de Bereixo, Santalla de Cervo, Lamelas e Arrasa. O primeiro e o último son os que presentan un maior deterioro debido a un mal drenaxe, polo que será preciso colocar unha nova base de macadam do firme, porén en todos renovarase a capa de rodadura.



# A ANPA Picapeixe plántase diante doutro curso de recortes no colexio

.....

**A** ANPA Picapeixe protagoniza actualmente unha etapa de loita e reivindicación. As eivas do edificio do CEIP Nicolás do Río e a falla de persoal de apoio para atender ao alumnado con necesidades especiais foron cabalos de batalla o curso pasado, pero lonxe de amainar, os problemas multiplícanse cara ao vindeiro curso. O principal é que a Consellería de Educación prevé manter dúas unidades en sexto curso de Primaria, pese a ter verificadas 51 matrículas. A presidenta da asociación de nais e pais, Eva Blanco Damota, recorda que o ratio máximo é 25 por aula e apunta que a situación se agrava porque hai alumnado con necesidades especiais.

A ANPA Picapeixe amosou a súa gran capacidade de mobilización na manifestación que tivo lugar o pasado 19 de xullo. “E todo apunta a que empezaremos o curso con folgas”, adianta Eva Blanco. A asociación, que conta co respaldo do goberno municipal, está a defender a calidade do ensino público no único colexio da localidade. Hai espazo físico para crear un grupo máis en sexto, unha medida que requiriría dotar ao centro dun profesor/a de inglés máis. “Iso permitiría manter as asignaturas bilingües e organizar a actividade, en xeral, de maneira máis desafogada, porque o cadro docente na actualidade está ao 100% e sen tempo de facer guardias”, explica.

A situación é un paso máis nun proceso que representa “un ataque frontal á escola pública, rural e de calidade”.



A ANPA recorda que o persoal de apoio para atender a alumnado con necesidades especiais foi recortándose ano tras ano, chegando a unha persoa a xornada completa e outra a media xornada no pasado curso. Era xa unha dotación totalmente insuficiente para prestar unha correcta atención a nenos e nenas que, nalgún caso, precisan acompañamento constante. “E moito nos tememos que pretendan deixar a dotación nunha persoa -explica Eva Blanco-, pese a que as necesidades non se rebaixaron”.

Os recursos humanos son a reivindicación principal para manter un ensino de calidade no CEIP Nicolás do Río, pero tamén acusa o centro os problemas derivados da súa antigüidade e da falla de investimentos da Consellería de Educación. Persisten as pingueiras no pavillón deportivo do centro, por exemplo.

A actual directiva da ANPA Picapeixe, que comezou hai un ano, agradece o apoio do pobo de Cedeira ás súas mobilizacións. No curso pasado xa houbo reunións, recollida de sinaturas e outras accións, pero tal como anunciou a entidade na manifestación do pasado día 19, as protestas non van parar e non se vai aturar máis desprezo á escola pública. Co nome “SOS CEIP Nicolás do Río” están abertos perfís en Facebook e Instagram que se recomenda seguir para estar ao fío das próximas accións. Toda Cedeira está concernida no futuro do colexio.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA